



Galicia  
European Entrepreneurial Region  
2025

# ULTREIA OURENSE

COMPETICIÓN DE INICIATIVAS  
EMPREDEDORAS INNOVADORAS

## CAMPUS STARTUPS

**BASES E CUESTIONARIO DE PARTICIPACIÓN**

ORGANIZADO POR:



PROMOVIDO POR:



COLABORA:



Galicia  
European Entrepreneurial Region  
2025

Powered by

**THE WAY**

## INTRODUCCIÓN

O evento **Ultreia Ourense** celebrarase o día 18 de setembro de 2024 en Ourense.

Haberá 10 finalistas que terán a oportunidade de participar seguindo as regras estipuladas nas presentes bases, e presentarán os seus proxectos ante un xurado seleccionado pola organización do evento. O xurado, seguindo o indicado nestas bases, decidirá entre 3 a 5 proxectos que terán acceso ao estipulado nas presentes bases.

### 01. Participantes:

Poderán participar na competición de iniciativas emprendedoras innovadoras as que cumpran cos **seguintes requisitos**:

- Atoparse nunha fase temperá de desenvolvemento, entendendo que, como máximo, poidan ter cinco anos (tomando como límite o 1 de xaneiro de 2019) dende a súa constitución.
- Teñan capacidade de impactar, influír ou mellorar a vida laboral, e tamén persoal, de todas as persoas que compoñen o ecosistema empresarial, especialmente no rural.
- Conten cun proxecto con alto potencial de crecemento e, cunha proposta de valor disruptiva e interesante para potenciais inversores.
- Dispoñan, polo menos, dun MVP (Minimun Viable Product) no mercado.

Os proxectos participantes serán preseleccionados a través da **Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego**, terán presenza e visibilidade no Mapa de Startups de IGAPE, podrán asistir a ULTREIA Ourense, e poderán participar en stream pitching.



## 02. Prazo e proceso de presentación:

O proceso de presentación de proxectos iniciárase o luns 02 de setembro de 2024 e finalizará o 13 de setembro de 2024 ás 20:00 horas.


Para presentar o proxecto hai que **cumprimentar o formulario** que se atopa na ligazón **mapaemprendemento.com** e aceptar as bases da competición. Unha vez aceptadas, o participante asume as condicións establecidas nestas bases, manifesta que as coñece e acepta e se compromete a respetalas. No indicado formulario requirirase a seguinte información e documentación que o participante deberá facilitar para a inscrición.

Os campos que se han de cuprimentar son os seguintes:

- NOME DA STARTUP
- CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO
- NOME E APELIDOS DA PERSOA RESPONSABLE
- TELÉFONO DE CONTACTO
- BREVE DESCRIPCIÓN DA STARTUP
- ANO DE CONSTITUCIÓN DA STARTUP
- RANGO DE ACTIVIDADE DA STARTUP
- ¿CONTAS CUN MVP EN EL MERCADO?
- PÁXINA WEB DA STARTUP (SE HOUBESE)
- PERFÍS SOCIAIS (SE HOUBESE)
- ADXUNTAR RESUME EXECUTIVO DE MÁXIMO DÚAS FOLLAS OU 1500 VERBAS
- ADXUNTAR MATERIAL AUDIOVISUAL (VÍDEO DE PRESENTACIÓN DE 1 MIN)

- Tamén tes que marcar asistencia, de ser o caso, a:  
17:00- 18:00 h.- “Presentación ENISA”  
18:00-19:00 h.- “Posibilidade de diversificar invertindo en startups”

Para o caso que faltase calquera información e/ou documentación necesaria para completar o proceso de inscrición, a organización porase en contacto coa startup participante mediante correo electrónico a efectos de completar e/ou subsanar a mesma dentro dos prazos establecidos.



INSCRÍBETE A TRAVÉS DO  
CUESTIONARIO ESCANEANDO ESTE QR:



<https://forms.gle/9jn115paxdVVvBNd7>

### 03. Proceso de selección:

Coa documentación recibida, a **Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego** realizará unha preselección de **dez proxectos**, que serán os que participen no evento Ultreia Ourense. O resto quedarán, en orde de puntuación, como suplentes.

Se comunicará, vía email, aos proxectos seleccionados o seu dereito a participar no evento. Coa fin de evitar perxucios para outros proxectos que presentaron a súa candidatura, **tódolos participantes seleccionados comprométese a avisar cunha antelación mínima de dous días** (luns 16 de setembro) á celebración do evento, a súa votande de non participar, para que a organización poida seleccionar aos suplentes correspondentes.

### 04. Desenvolvemento da competición:

A competición desenvolverase o día **18 de setembro de 2024**, no marco do evento Ultreia Ourense.

Os proxectos preseleccionados (máximo 10) como finalistas, terán a oportunidade de presentar os seus proxectos en formato Pitch Elevator, ao longo cinco minutos de duración. Defenderán presencialmente o seu proxecto fronte ao xurado, sen ningún tipo de apoio audiovisual, e exporán o valor, a novidade e a viabilidade do seu proxecto. En ningún caso poderán superar o tempo establecido de presentación, sendo interrompidos se superan este tempo.

- Os finalistas terán acceso a mentorizacións individuais, e manter encontros con entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e empresas de capital risco.

### DECISIÓN FINAL:

A decisión final se coñecerá na clausura do evento Ultreia Ourense, trala deliberación do xurado.

-A orde de presentación realizarase, de xeito aleatorio, a través dun sorteo realizado por parte da organización. A orde de presentación será comunicada aos participantes con anterioridade.

-É requisito imprescindible a asistencia física da persoa participante ao evento Ultreia Ourense para presentar o proxecto.

\* Haberá un Xurado Técnico e un Xurado Institucional conformado por representantes da Confederación Empresarial de Ourense, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Asociación de Xóvenes Empresarios, a Deputación de Ourense e a Universidade de Vigo.

## 05. Criterios de puntuación:

Os criterios de puntuación terán todos eles o mesmo peso, e cada un dos criterios será valorado polo xurado do 1 (puntuación mínima) ao 5 (puntuación máxima):

- **Idea de negocio.** Premiarase especialmente o carácter disruptivo da idea a importancia do problema resolto ou necesidade cuberta.
- **Modelo de negocio.** Valoraranse aqueles proxectos que teñan un modelo de negocio definido, real e testado no mercado, que sexa susceptible de xerar ingresos para a empresa.
- **Escalabilidade.** Capacidade de soportar incrementos relevantes de demanda, sen que os custes se incrementen de xeito proporcional.

## 06. Premios:

Entre os finalistas destes proxectos elixiranse entre 3 e 5 por provincia que terán acceso a:

- Vídeo Pitching.
- Comunicación: cobertura de eventos.
- Presentación do seu proxecto no Ultreia Galicia.

## 07. Propiedade intelectual:

Todos os participantes manifestan contar con títulos suficientes sobre os dereitos de propiedade industrial e intelectual (logos, nomes comerciais, marcas e calesqueira outros elementos), programas e /ou contidos incluídos nas súas propostas.

Manifestando a través da **aceptación das presentes bases** non infrinxir ningún dereito de propiedade intelectual ou calquer outro dereito que poida ostentar calquera terceiro sobre os contidos e eximindo á organización do evento **Ultreia Ourense**, así como a calquera terceiro que colabore coa organización ou participante no desenvolvemento do evento, de calquera responsabilidade derivada do uso dos citados programas e/ou elementos.

A **propiedade intelectual e/ou industrial das iniciativas e ideas de negocio** presentadas en **Ultreia Ourense** pertencerá en exclusiva aos participantes que as presentaran.



## 08. Confidencialidade:

A organización do evento Ulteira Ourense garantizará a confidencialidade respecto aos proxectos presentados polos participantes; podendo a organización unicamente difundir, en calquera momento e a través de calquera medio, as características xerais dos mesmos, así como os nomes de ditas ideas e/ou proxectos e dos participantes e, en especial, dos gañadores.




## 09. Comunicación e/ou publicidade:

Os participantes no evento Ulteira Ourense autorizan expresamente á organización do certame a que, por sí mesmos ou a través de terceiros, sen límite territorial nin de prazo, coa aceptación das presentes bases, poidan fixar, reproducir, difundir e utilizar por tódolos medios falados e escritos, baixo calquera forma, por calquera medio e sobre calquera soporte, o seu nome, imaxe e voz, e as características xerais e o nome das ideas ou proxectos presentados respetándose en todo caso o establecido nos apartados de Propiedade Intelectual e Confidencialidade das presentes bases, sempre que os fins sexan publicitarios, informativos e/ou promocionais referentes ao evento Ulteira Ourense.

## 10. Modificacións:

A organización de Ulteira Ourense resérvase o dereito a modificar en calquer momento as presentes bases, sempre que haxa unha causa xustificada, comprometéndose a publicar tal modificación a través da súa páxina web.





Galicia

European Entrepreneurial Region  
2025

# ULTREIA

Retos e solucións para un territorio intelixente

ORGANIZADO POR:



PROMOVIDO POR:



COLABORA:



Powered by  
**THE WAY**